

## O Cruceiro de San Campio quedou orfo. Juan Valverde. In memoriam

Escrito por Miguel Anxo Mouriño  
Domingo, 31 Xaneiro 2016 23:24

---



Antonio nas escrituras, Juan para a familia, para os amigos. Tiven a sorte de coñecelo hai oito ou nove anos, mágoa que non fose moito antes, co gallo da homenaxe que lle rendemos a Victoriano Taibo en Morgadáns. Andaba eu á procura de persoas que puidesen dar algunha información sobre o persoeiro e apareceu el que, nunha das súas múltiples facetas, fora nos anos mozos participante activo no faladoiro que o daquela ancián mestre mantiña no obradoiro de Mareque; dende entón coincidimos continuamente en moreas de actividades e foi sempre en aumento a miña admiración polo seu talante sempre alegre, sempre activo, sempre brandindo unha ilusión. A súa fabulosa memoria fixo posible que recuperase unha morea de historias de xentes do Val condenadas a habitaren no esquecemento, rescatando así dese negro destino anécdotas de persoas sinxelas con algunha peculiaridade que as fixeran populares, nómina abundante de xente curiosa cuxa razón de ser escribiu Juan hai só uns días no blog que mantén o común amigo Carlos Méixome:

- Por "mor das nubes rastreiras", dicía meu tío Severino.

Pero tamén de individuos que destacaron nos negocios, na música, na escrita, na relixión... A xubilación tróuxoo de volta as estas terras que nunca abandonara, que levaba no corazón e que recoñecía todos os anos sempre que as súas ocupacións profesionais e familiares llo permitían. E tróuxoo tamén á patria das letras galegas, que alimentou cos rescates de personaxes, como queda dito, primeiro no seu blog, que titulou *O Cruceiro de San Campio*, e logo nun libro do mesmo título editado polo Instituto de Estudos Miñoráns co gallo de concederlle o premio Nano Cambeiro. Quedan aínda sen publicar bastantes "contos", como el adoitaba chamarlles a estes breves relatos nos que recollía algunhas das teimas dos seus

## O Cruceiro de San Campio quedou orfo. Juan Valverde. In memoriam

Escrito por Miguel Anxo Mouriño  
Domingo, 31 Xaneiro 2016 23:24

---

protagonistas, que alguén, un día, debería reunir cos anteriores para que a súa memoria prevaleza, como era o desexo de Juan.

Dentro da súa contribución ás nosas letras debe mencionarse un libriño pequeno pero entrañable, que, coa inestimable colaboración de Fino Lorenzo, editou como libro de autor para regalarlle ao seu fillo en cumprimento dunha promesa que, medio en broma, medio en serio, lle fixera. Titúlase *Para Xoán*.

Sexa tamén para Juan este recordo que xa é nostalxia por quen soubo facer mellores as vidas dos que o coñecemos e desfrutamos.

**Miguel Anxo Mouriño**